

OBXECTIVOS DO PROGRAMA



Obxectivo Xeral
Obxectivos Específicos
(Compoñente demostrativa)

OBXECTIVO XERAL

Asegurar o estado ecolóxico das augas actuais e futuras na conca hidrográfica dos ríos Mero e Barcés e do LIC “Emblase de Cecebre”.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Mellorar a gobernanza dos recursos hídricos da conca Mero-Barcés, así coma a coordinación entre os axentes involucrados na súa xestión e uso.
- 2.- Asegurar a coherencia e adecuación das normativas municipais cas diferente políticas hídricas autonómicas, estatais e europeas no municipio de Abegondo e estendelo ó resto da conca.
- 3.- Promover actuacións demostrativas de actuacións ambientais sostibles e adecuadas á Directiva Marco del Agua (MDA) no entorno e área de influencia do LIC Abegondo-Cecebre.
- 4.- Sensibilizar e educar ós axentes involucrados, grupos de interese e á cidadanía en xeral (Stakeholders) da conca hidrográfica e da Área Metropolitana de A Coruña sobre a importancia da xestión racional dos recursos hídricos, con especial énfases na implantación de metodoloxías de participación na toma de decisións.

COMPOÑENTE DEMOSTRATIVA

Como se pode ver no punto 3, o proxecto ten unha forte compoñente demostrativa. A continuación se detallan os aspectos demostrativos máis destacables do proxecto en torno a este obxectivo:

(1) Promoción de boas prácticas na execución, operación e mantemento de pozos particulares de captación de augas subterráneas. Estímase que na demarcación hidrográfica de Galicia Costa existen máis de medio millón de captacións subterráneas (pozos e sondaxes). Estes pozos son de carácter particular, destinados ó autoabastecemento.

Por este motivo, as captacións de augas subterráneas carecen, polo xeral, de criterios técnicos na súa execución, operación e mantemento, o cal repercute na diminución da calidade das augas bombeadas, provocando contaminacións puntuais nos pozos. Estas deficiencias poderían ser doadamente subsandables coa implementación dunhas boas prácticas na construción, operación e mantemento dos pozos. Estas boas prácticas poderían ser posteriormente exportadas de forma directa a todo o territorio rural galego, con características hidro-xeolóxicas, climáticas e socioeconómicas moi similares ás da cunca do Mero-Barcés.

(2) Promoción de boas prácticas nas solucións de auto saneamento. Os casos xeneralizados de contaminacións puntuais nas captacións, comentadas anteriormente, son debidos en moitos casos á existencia de pozos negros e foxas sépticas deficientes nas mesmas vivendas que aproveitan as augas subterráneas. Estas solucións deficientes de auto saneamento serían doadamente subsandables mediante a incorporación de boas prácticas na construción e mantemento das foxas sépticas unifamiliares. De igual xeito que no apartado anterior, estas boas prácticas poderían ser posteriormente exportadas de forma directa a todo o territorio rural galego.

(3) Utilización de tecnoloxías apropiadas para a execución de sistemas de saneamento e de protección de mananciais. A dispersión da poboación rural en Galicia dificulta enormemente a conexión da devandita poboación a sistemas de saneamento estándar. Durante os últimos anos investigáronse métodos de saneamento baseados en tecnoloxías brandas que representan unha alternativa real e sostible para estas casuísticas, ademais de con moi baixo ou mesmo nulo mantemento e consumo enerxético.

Polo tanto, as accións que se levarán a cabo no proxecto tratan de promover unha serie de actuacións demostrativas cun grande potencial multiplicador no medio rural galego. Do mesmo xeito, as actuacións demostrativas previstas para a implementación de perímetros de protección nos mananciais públicos da cunca presentan un grandísimo potencial para converterse nunha práctica habitual que hoxe en día non se realiza.

(4) Execución de actuacións demostrativas de mellora de bosques de ribeira e establecemento de filtros verdes na zona de influencia do LIC Abegondo-Cecebre. Estas actuacións permitirán demostrar a eficiencia deste tipo de actuacións de rexeneración de vexetación de ribeira na calidade das augas superficiais.

(5) O proxecto proposto tamén prevé accións demostrativas relacionadas coas actividades gandeiras por unha parte a optimización das posibilidades da xestión conxunta e o aproveitamento agrícola do zurro de porcino como fertilizante orgánico e minoración de contaminacións. Por outra banda, considérase tamén no proxecto establecer uns perímetros de seguridade con filtros verdes nas parcelas lindantes con canles fluviais para evitar a filtración de dexeccións de animais en extensivo, así como que os gandeiros de Galicia poidan visitar estas experiencias e visualizar os resultados.

(6) Por último, tamén se propón o establecemento dun Sistema de Información Xeográfico como ferramenta de axuda para integrar a protección dos espazos naturais no Plan local, cuestión esta non resolta metodoloxicamente ata agora e quedando en moitos casos a criterio do "planificador" de cada municipio.